

**DOCUMENTACIÓN RELATIVA Á SOLICITUDE DUNHA
COOPERATIVA DE TRABALLO ASOCIADO ACOLLIDA Ó RÉXIME
XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL DUN EXPEDIENTE DE
REGULACIÓN TEMPORAL DE EMPREGO.**

Transcribense os documentos relativos á solicitude de DESCOR VIGO, S.Coop., para acollerse ás prestacións de suspensión temporal de emprego conforme ó convenio colectivo do Textil-Confección, e as resolucións da DX. de Traballo e da Delegación de Vigo.

DOCUMENTO 1.

Acordo da Delegación de Traballo de Vigo de non admitir a trámite a solicitude dunha C.T.A. acollida ó réxime xeral da S.S. para suspensión temporal de emprego. S.X. 1993

VISTA a solicitude formulada por Dna. _____, en representación de _____, SOCIEDADE COOPERATIVA LABORAL, establecida en Vigo, Polígono Industrial Coutada-Beade, e inscrita na Seguridade Social con número _____ e,

RESULTANDO: Que pola mencionada Sociedade Cooperativa formúlase solicitude para que se lle autorice a suspensión da actividade laboral dos socios-traballadores relacionados en follas anexas por un período de 60 días comprendidos entre o 1 de outubro e o 29 de novembro, ambos inclusive, do ano en curso pasando os afectados á situación legal de desemprego, baseándose no art. 7 do anexo IX do Convenio Colectivo para a industria da confección (Res. 15-07-1991, B.O.E. 13 de agosto).

CONSIDERANDO: Que o R.D. 1043/1985 do 19 de xuño, polo que se amplía a protección por desemprego ós socios traballadores de cooperativas de traballo asociado, só considera en situación legal de desemprego ós socios traballadores de cooperativas de traballo asociado incluídos no Réxime Xeral da Seguridade Social ou nalgún dos Réximes Especiais, cando cesasen con carácter definitivo na prestación de traballo na Cooperativa, perdendo os seus dereitos económicos derivados directamente da devandita prestación, o que non acontece no presente caso, ó tratarse dun suposto de suspensión temporal, e sen

que avale a pretensión deducida o que establece a Disposición Adicional cuarta 1.A) da lei 3/1987 de 2 de abril, Xeral de Cooperativas, cando di que os socios traballadores das Cooperativas de Traballo Asociado disfrutarán dos beneficios da Seguridade Social, posto que o que di non implica que no ámbito da protección por desemprego deberán ostentar idénticos dereitos e prestacións que os traballadores propriamente por conta allea, xa que o referido Decreto 1043/1985, non autoriza a extende-la protección por desemprego a supostos de suspensión temporal na prestación de traballo á Cooperativa.

CONSIDERANDO: Que a suspensión temporal da obriga e o dereito do socio traballador a presta-lo seu traballo por causas económicas, tecnolóxicas ou de forza maior a que se refire o art. 122 f) da lei 3/1987, do 2 de abril, Xeral de Cooperativas, non require a autorización da Autoridade Laboral como para os traballadores por conta allea prescriben os art. 47 e 51 da lei 8/1980 de 10 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, porque como se indica explicitamente na Exposición de Motivos do referido R.D. 1043/1985 do 19 de xullo, ós socios traballadores de cooperativas de traballo asociado "non lles é de aplicación o precedemento específico dos expedientes de regulación de emprego por ser a do socio unha relación de carácter societario e non laboral", e non cabe, obviamente, autoriza-la suspensión dun contrato de traballo inexistente, nin, consecuentemente, declarar ós socios traballadores da Cooperativa ———, SOC. COOP. LABORAL en situación de desemprego.

CONSIDERANDO: Que, se ben o art. 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, establece a obriga de dictar resolución expresa sobre can-
tas solicitudes se formulen polos interesados, o art. 89-4 da devandita Disposición determina que a Administración poderá resolve-la inadmisión da solicitude de recoñecemento de dereitos non previstos no Ordeamento Xurídico, que é precisamente, o que acontece neste suposto polo que resulta obrigada a inadmisión da solicitude.

VISTOS os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta Delegación Provincial, en uso das súas facultades legais,

ACORDA: NON ADMITIR A TRÁMITE a solicitude formulada por Dna. ———, en representación de ——— SOCIEDADE COOPERATIVA LABORAL por non ser a mesma materia de regulación de emprego.

Pónase en coñecemento esta Resolución ás partes que teñan interese nela, facéndolles saber do seu dereito a interpor RECURSO ORDINARIO perante o Excmo. Sr. Conselleiro de Traballo e Servicios Sociais, por escrito en triplicado e polo conducto desta Delegación Provincial, no prazo de UN MES, a partires da súa notificación.

Así o dispoño e asino en Vigo a cinco de outubro de mil novecentos noventa e tres.

DOCUMENTO 2

Resolución do Director Xeral de Traballo da Xunta de Galicia revocando o acordo da Delegación de Traballo de Vigo de 5.X.93, e ordenando a incoación de expediente administrativo de regulación temporal de emprego a unha C.T.A. 2.II.93.

Visto o recurso ordinario interposto pola Entidade "_____, S.Coop." contra resolución dictada pola Delegación Provincial desta Consellería de Traballo e Servicios Sociais en Vigo (Pontevedra), de data 5 de outubro de 1993, despréndese os seguintes:

FEITOS

- 1.º- Que a recurrente solicita ante a Delegación Provincial indicada, que se lle autorice a suspensión da actividade laboral dos seus socios-traballadores por un período de 60 días comprendidos entre o 1 de outubro e o 29 de novembro, ámbolos dous inclusive, do ano en curso, declarando ós afectados en situación legal de desemprego, en base ó artigo 7 do anexo IX do Convenio Colectivo para a industria de confección (Res. 15-07-91), ademais do resto da normativa de xeral aplicación.
- 2.º- Que o día 5 de outubro do presente ano, díctase resolución na que se adopta o seguinte acordo: "Non admitir a trámite a solicitude formulada por Dna. _____, en representación de _____, SOCIEDADE COOPERATIVA LABORAL, por non se-la mesma materia de regulación de emprego".
- 3.º- Que a fundamentación xurídica recollida na referenciada resolución contráese á Exposición de Motivos do Real Decreto 1043/1985 do 17 de xuño que amplía a protección por desemprego ós socios traballadores de cooperativas de traballo asociado, onde se dí:
"Non é de aplicación o procedemento específico dos expedientes de regulación de emprego, por se-la do socio unha relación de carácter societario e non laboral".

CONSIDERANDO

Primeiro.- Que o debate así formulado, fai preciso concretalos seguintes extremos:

- a) A natureza xurídica da relación que os socios traballadores manteñen coa Cooperativa de traballo asociado.
- b) Se cabe expediente de regulación de emprego no que se declare a situación legal de desemprego por suspensión temporal da actividade laboral dos socios traballadores.

Segundo.- Dando resposta á cuestión prantexada en primeiro lugar, sobre a natureza xurídica da relación dos socios traballadores coa Cooperativa de Traballo Asociado, faise obrigado significar:

- 1) Os traballadores asociados deben percibir, mensualmente polo menos, "anticipos laborais" de contía similar ós salarios da súa profesión no lugar.
- 2) As cuestións contenciosas entre cooperativa e socio, incluída a expulsión do socio, coñece, tralo agotamento da vía previa ante a Cooperativa "a xurisdición da Orde Social" aplicando ésta as reglas propias do contrato de traballo.
- 3) Apíicanse, sen máis, as normas sobre seguridade e hixiene no traballo, as normas laborais sobre idade, para traballar, xornada, negociación colectiva, etc...
- 4) A Disposición Adicional cuarta da Lei 3/1987, Xeral de Cooperativas, establece: "Os socios traballadores das Cooperativas de traballo asociado, disfrutarán dos beneficios da Seguridade Social, podendo opta-la Cooperativa entre as modalidades seguintes:
 - a) Como asimilados a traballadores por conta allea"
- 5) O Real Decreto 225/1989 do 3 de marzo, sobre condición de incorporación ó sistema da Seguridade Social dos socios traballadores de Cooperativas de traballo asociado, no seu artigo 3.3º, dispón:

"En calquera caso, a iniciación na prestación de traballo persoal do socio traballador da cooperativa, será a que determine as obriga de afiliación e/ou alta e a correlativa de cotización daquel, conforme ás normas de Réxime da Seguridade Social polo que optará a Cooperativa".

Requisito éste de encuadramento no Sistema da Seguridade Social, coincidente co esixible a calquera tipo de traballador.

Todo o exposto, unido a unha nutrida doctrina xurisprudencial que acuña a laboralización dos socios traballadores de Cooperativas de traballo asociado, destacando as seguintes sentencias: Sentencia do Tribunal Supremo (Sala 3 do Contencioso-Administrativo) do 14 de novembro de 1987; Sentencia do Tribunal Supremo (Contencioso-Administrativo, Sala 5) do 15 de Abril de 1988. Deixa poucas dúbidas para poder declara-la natureza xurídico-laboral da relación que o socio traballador mantén coa Cooperativa.

Terceiro. Polo que respecta á aplicabilidade do expediente de regulación de emprego no que se declare a situación legal de desemprego do socio-traballador, por suspensión temporal da súa actividade laboral. Non podemos comparti-la aplicación da exposición de motivos do Real Decreto 1043/1985 do 19 de Xuño, por unha doble razón. A primeira xa está exposta, no concerniente ó réxime xurídico-laboral ó que está suxeito o socio traballador. E a segunda razón débese á eficacia temporal das normas xurídicas, esto é:

O Real Decreto 1043/1985, tantas veces mencionado, atopa a súa vixencia ó amparo da Lei 52/1974 do 19 de decembro, Xeral de Cooperativas, na que se efectuaba a previsión legal sobre o establecemento dun Réxime específico de Seguridade Social para os socios traballadores de Cooperativas de Producción. Polo que facilmente pode concluirse que a referida Lei Xeral de Cooperativas tiña un espíritu diferenciador entre o socio traballador e o resto dos traballadores por conta allea. Partindo desta premisa, a normativa xurídica producida en tal contexto, estaba empregnada dun espíritu diferenciador, a isto resposta o Real Decreto 1043/1985. Pero a evolución produciuse coa nova Lei Xeral de Cooperativas 3/1987, que como xa se deixou constancia, contempla ó socios traballadores de Cooperativas de traballo asociado como asimilados a traballadores por conta allea. Pero é que ademais, o 31 de xullo de 1985, lémbrese que o Real Decreto 1043/1985 é de data 19 de xuño, prodúcese a racionalización da estructura da Seguridade Social, mediante a Lei 26/1985, e como tamén se dixo, no que respecta á Seguridade Social das Cooperativas, na Lei 3/1987 do 2 de abril.

O propio obxectivo de racionaliza-la estructura do Sistema de Seguridade Social, determina a necesidade de homoxeneiza-lo tratamento a dar no seo dun mesmo réxime, eliminando regulación específicas que carecen de fundamento e que implican, de feito, a subsistencia dun réxime encuberto dentro doutro réxime.

Cuarto. Como queira que de todo o exposto, este Centro Directivo, conclúe que hai unha plena similación entre o socio traballador de Cooperativas de traballo asociado e o traballador por conta allea. E que á súa vez dentro dun mesmo réxime de protección social non cabe realizar tratamentos diferenciados, non só na tutela do principio de igualdade constitucionalmente proclamado, senón por imperativo do propio sistema de Seguridade Social. E así se recolle de xeito expreso no Real Decreto 225/1989, sobre condición de incorporación ó Sistema da Seguridade Social dos socios traballadores de Cooperativas de traballo asociado. Estimamos de aplicación o dispuesto no nº.3, artigo 1 do Real Decreto 625/1985 do 2 de abril, que desenvolve a Lei 31/1984 do 2 de agosto, de protección por desemprego cando se suspenda o contrato de traballo, por resolución da autoridade laboral competente dictada en expediente de regulación de emprego. Aplicándose a normativa procedural común para declarala situación legal de desemprego dos socios traballadores pola causa indicada.

En mérito de todo o exposto, e en virtude das competencias e facultades que teño atribuidas.

RESOLVO

Revoca-la resolución dictada pola Delegación Provincial desta Consellería en Vigo (Pontevedra), ordeando a incoación do correspondente expediente administrativo de regulación temporal de emprego, pola autoridade laboral competente, e ó amparo da normativa xurídica de xeral aplicación.

Notifíquese formalmente desta resolución ó interesado e trasládese unha copia da mesma á Delegación Provincial da Consellería de Traballo e Servicios Sociais en Vigo (Pontevedra), para que proceda ó seu fiel cumprimento.

DOCUMENTO 3

Recurso dunha C.T.A. contra a resolución da Delegación de Vigo da Consellería de Traballo, que denegaba o dereito á regulación temporal de emprego.

_____, maior de idade, con D.N.I. _____ en nome e representación de _____, SOCIEDADE COOPERATIVA LABORAL, con domicilio en Vigo, Polígono Industrial Coutada-Beade, ante V.E. comparece e di:

Que formula Recurso Ordinario contra a resolución de data 5-X-93 da Delegación Provincial desa Consellería en Pontevedra, en base ós seguintes:

MOTIVOS

Primeiro.- A sociedade por min representada formulou solicitude para que se autorizara a suspensión da actividade laboral de socios-traballadores, por un período de 60 días comprendidos entre o un de outubro e o vintenove de novembro, pasando á situación de desemprego, que se denega na resolución recurrida, aducindo en síntese que o R.D. 1043/85 de 19 de xuño non prevé a protección de desemprego para os supostos de suspensión temporal, suposto, ademais, para o que non se precisa autorización administrativa.

Segundo.- A razón da petición é a de atoparse no suposto previsto no art. 7 do anexo IX do Convenio Colectivo para a industria da confección que é de aplicación na Sociedade reclamante, sobre empresas de temporada, calificación esta recollida expresamente no art. 4 dos Estatutos da Sociedade Cooperativa reclamante.

Resulta discriminatorio e atentarorio pois do art. 14 e 28 da Constitución tal diferencia de trato; se os sindicatos firmantes do convenio, no uso do seu derecho á liberdade sindical, esixen a suspensión temporal do traballo en determinadas épocas improductivas para equilibra-las condicións económicas coa real situación das empresas, o feito de que a _____ se lle impoñan as condicións de traballo convidas colectivamente, pero se lle impida facer uso da contrapresta-

ción de suspensión de actividades por traballo de temporada, resulta non só discriminatorio, senón ademais atentatorio do Convenio Colectivo como un todo global.

Terceiro.- Non é certo, como se indica na resolución, que a suspensión temporal da obriga de traballar, esté exenta de autorización administrativa; se nada di sobre esto o art. 122 f) da Lei 3/87, tampouco se menciona no art. 123 sobre "baixas obligatorias por causas económicas, tecnolóxicas ou de forza maior", e nembargantes, en tales casos, si se tramitan os expedientes pola Autoridade Laboral.

E se ben é certo que a frase atribuidad á Exposición de motivos do R.D. 1043/85 é, evidentemente certa, se está sacando de contexto, pois o que na mesma se expresa é que débese de regulamentar un procedemento específico e diferente do regulamentado no R.D. 696/80 de 14 de abril; e así descártase a sanción administrativa do simple acordo entre as partes, obligándose ás cooperativas a xustificar e proba-las causas aducidas no expediente.

Cuarto.- Certamente o R.D. 1043/85 do 19 de xuño só regulamenta as prestacións de desemprego no caso de cese definitivo; nembargantes, con posterioridade a Lei 3/87 de 2 de abril da opción ós socios-traballadores (Disp. adic. cuarta) entre os beneficiarios da Seguridade Social como autónomos, ou como asimilados a traballadores por conta allea (e por esta última opción incluíronse os Estatutos da Sociedade reclamante), pois ben, neste caso, só se exceptúa de cotización e prestacións no referente ó Fondo de Garantía Salarial (p.3 da D.A. cuarta), sen que se recolla en ningúns momento as restriccións impostas no (anterior no tempo) R.D. 1043/85. E de conformidade con tal asimilación legal, as socias traballadoras de ----- viñeron cotizando ó Réxime Xeral da Seguridade Social, incluida a cotización ó desemprego. Así xa a S.T.S de 15-4-88 (Sala 5) indicou: "ó resultar normativamente equiparados os socios de Cooperativas ós traballadores por conta allea, avalan plenamente o criterio que informa a decisión xudicial impugnada (que reconocía o dereito a prestacións por reducción de xornada), respondendo esto ó principio de boa fe e das xustas contraprestacións que deben presidir as relacións da Administración cos administrados", para terminar afirmando, "máxime cando se pondera que os traballadores afectados segundo decíamos viñeron cotizando normalmente polas cotinxencias de desemprego e que a Administración constantemente ven fomentando o cooperativismo dentro dos procesos productivos, o que se vería comprometido de manter decisións gubernativas como a que é hoxe obxectivo de fiscalización xurisdiccional".

E esto, porque no caso contrario "romperíase por vía regulamentaria cun dos elementos que legalmente fundan a obriga de cotizar que é o de obter máis prestacións congruentes co contido daquela", segundo recorda a S.T.S. de 27-3-92.

Así, efectivamente, se as socias traballadoras viñeron cotizando ó desemprego, cotización que devenga o dereito a prestacións no caso de perda temporal

ou definitiva do traballo no Régime Xeral no que están incluidas, e dado que a Lei de Cooperativas de 1987 é de maior rango (amen de posterior) ó R.D. 1043/85 que se opón pola Administración, e tal Lei 3/87, só exceptúa expresamente as prestacións do FOGASA e ningunha outra, é evidente que cumpríndose as premisas legalmente previstas (por vía do art. 7 do Convenio Colectivo) para a situación de suspensión temporal da obriga de traballar, así debe recoñecerse pola Administración, revocándose a resolución recurrida.

POLO EXPOSTO,

Suplica.- Que por presentado este Recurso se admita e á vista do mesmo, se dicte resolución revocando a dictada pola delegación Provincial de Vigo, estimándose a solicitude inicial.

DOCUMENTO 4

Resolución da Delegación Provincial de Vigo da Consellería de Xustiza, interior e relacións laborais, desestimando o expediente de regulación temporal de emprego a unha C.T.A. 23.II.94

VISTA a resolución do Ilmo. Sr.Dr. Xeral de Traballo e Promoción de emprego, de data 02-11-93 e,

RESULTANDO: Que por Dona _____, en representación de _____, S.C.L., adicada a taller de Confección establecida en Vigo, Polígono Industrial-Coutada-Beade, 7, e inscrita na Seguridade Social co nº _____, formulouse solicitude ante a Delegación Provincial de Traballo e Servicios Sociais para que autorizase a suspensión temporal da actividade temporal do traballadores relacionados no expediente por un período de 60 días, comprendidos entre o 1 de outubro e o 29 de novembro (ambos inclusive), pasando á situación de desemprego, en base ó art. 7 do Anexo IX do Convenio Nacional Textil e da Confeción, publicado no B.O.E. do 13-08-91, no que se indica que as empresas adicadas á producción ou manufactura de artigos de temporada, poderán suspender las súas actividades laborais, durante un período de 60 días, así como en base ó art. 47.1 do Estatuto dos Traballadores polo problema económico que resultaría asumir os custos desta falta de actividade productiva. Alego como causa da súa petición ser un taller de apoio ás industrias comercializadoras e fabricantes da confección, e polo tanto estar supeditado, nos ciclos de fabricación a ordes de traballo que lles soliciten os mesmos.

RESULTANDO: Que na data 10 de setembro de 1993, o Ilmo.Sr. Delegado Provincial de Traballo e Servicios Sociais dictou resolución pola que acordou: "Non admitir a trámite a solicitude formulada por Dona _____ en representación de _____, SOCIEDADE COOPERATIVA LABORAL por non ser a

mesma materia de regulamentación de emprego”, fundamentándose en que o R.D. 1043/85 do 19 de xuño polo que se amplía a protección por desemprego ós socios traballadores das Cooperativas de Traballo Asociado, non contempla os supostos de suspensión temporal e sen que avale a pretensión deducida o que establece a Disposición Adicional cuarta 1.a) da Lei 3/1987 de 2 de abril, Xeral de Cooperativas; que a suspensión temporal de obriga e o dereito do socio traballador a presta-lo seu traballo por causas económicas, tecnolóxicas ou de forza maior a que se refire o art. 122 da lei 3/1987, do 2 de abril, Xeral de Cooperativas non require a autorización da Autoridade Laboral como para os traballadores por conta allea prescriben os arts. 47 e 51 da Lei 8/1980, do 10 de marzo, do estatuto dos traballadores, porque como se indica explicitamente na exposición de motivos do referido R.D. 1043/1985 do 19 de xullo, ós socios traballadores de cooperativas de traballo asociado” non lles é de aplicación o procedemento específico dos expedientes de regulación de emprego por ser a do socio unha relación de carácter societario e non laboral”, e non cabe obviamente, autoriza-la suspensión dun contrato de traballo inexistente, nin consecuentemente, declarar ós socios traballadores na situación legal de desemprego, polo que de conformidade co art. 89.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común, que determina que a Administración poderá resolve-la inadmisión da solicitude de recoñecemento de dereitos non previstos no Ordeamento Xurídico, acordouse resolve-la inadmisión da solicitude.

RESULTANDO: Que por _____, S.C.L. interpúxose recurso ordinario que recaiu resolución do Ilmo.Sr. Director Xeral de Traballo e Promoción de Emprego, de data 02-11-93, que acordou: “Revoca-la resolución dictada pola Delegación Provincial desta Consellería de Vigo (Pontevedra), ordeando a incoacción do correspondente expediente administrativo de regulación temporal de emprego, pola autoridade laboral competente, e ó amparo da normativa xurídica de xeral aplicación”, baseándose en que hai unha plena assimilación entre o socio traballador de Cooperativas de traballo asociado e o traballador por conta allea, e que dentro dun mesmo réxime de protección social non cabe realizar tratamentos diferenciadores, non só na tutela do principio de igualdade constitucionalmente proclamado, se non por imperativo do propio sistema de Seguridade Social, estimando de aplicación o disposto no nº3 do art. 1 do R.D. 625/1985 de 2 de abril que desenvolve a Lei 31/1984 do 2 de agosto, de protección por desemprego, aplicándose a normativa procedural común para declara-la situación legal de desemprego dos socios traballadores pola causa indicada.

RESULTANDO: Quen en data 18-11-93 recabouse da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social que informa sobre:

1) Se é ou non aplicable ás cooperativas de traballo asociado, o procedemento de regulación de emprego, arts. 47 e 51 do Estatuto dos Traballadores e Real Decreto 696/1980, de 14 de abril.

2) De non ser de aplicación o procedemento de regulación de emprego, se hai algúin outro para que os socios-traballadores de cooperativas de traballo asociado poidan acceder a prestacións por desemprego no suposto de suspensión da súa actividade laboral; emitíndose sendos informes de datos 03-12-93 e 07-12-93, respectivamente, do seguinte tenor literal: "1.- Non é aplicable ás cooperativas de traballo asociado, o procedemento regulación de emprego, art. 47 e 51 do Estatuto dos Traballadores e Real Decreto 696/1980 de 14 de Abril. 2.- Non existe ningún procedemento de regulación de emprego, para que os socios-traballadores de cooperativas de traballo asociado poidan acceder ás prestacións por desemprego no suposto de suspensión da actividade laboral". "En relación á Orden de Servicio 4000/93 sobre expediente de Regulación de Emprego da empresa _____, S.C.L., emítese o seguinte informe, complementari do que se produxo o 03-12-1993. Sobre a base do informe anterior no tema da lexislación específica de Cooperativas, Lei 3/1987, art. 33, 40.3 e 122 en causas tecnolóxicas, económicas ou de forza maior, debendo se-la Asemblea Xeral - decae por tanto, a competencia da Autoridade Laboral- a que declare os seguintes extremos: Necesidade da suspensión. Por outra parte segundo o R.D. 1043/1985, R.D. 3/1989 os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado disfrutarán das prestacións de desemprego, sempre que estén afiliados ó Réxime Xeral ou ó Réxime Especial que prevea a cotización por esta continxencia, delimitándose os supostos que orixinan a protección, entre estos: -o cese definitivo por causas económicas, tecnolóxicas ou de forza maior, co requisito común de que o cese no traballo sexa con carácter definitivo e alcance á perda de dereitos económicos. Polo anterior, o Inspector de Traballo e Seguridade Social que suscribe manifesta que de conformidade coa Lei sobre Ordenación da Inspección de Traballo e o Regulamento da Inspección de Traballo do 21 de xullo de 1962 e 23 de xullo de 1971 respectivamente, o Inspector de Traballo e Seguridade Social debe de informar debidamente sobre expedientes de regulación de emprego, aspecto igualmente recollido no art. 51.6 da Lei 8/1998 de 10 de marzo, Estatuto dos Traballadores, no que se di "A Autoridade Laboral, preivo informe motivado da Inspección de Traballo", e art. 15 do Real Decreto 696/1980 de 14 de abril sobre expedientes de regulación de emprego. En consecuencia este inspector de Traballo e Seguridade Social entende que no suposto que nos ocupa, a consulta que plantexa a Consellería de Traballo e Servicios Sociais por medio do Xefe de Servicio de Relacións Laborais, non procedía, xa que se plantexa como cuestión xurídica e o Inspector de Traballo e Seguridade Social carecía de competencia segundo o dito anteriormente, limitándose este a informar á Autoridade Laboral sobre exclusivamente os feitos que constata en procedementos de regulación".

CONSIDERANDO: Que a competencia para resolve-lo expediente ven atribuída a esta Delegación Provincial polo Decreto 13/1994, do 20 de xaneiro, polo que se establece a estructura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, que no seu art. 1 di que a esta Consellería lle corresponden as competencias e funcións en materia, entre outras, de Relacións Laborais.

CONSIDERANDO: Que, en cumprimento do mandato de meritada resolución da Dirección Xeral de Traballo e Promoción de Emprego, o presente expediente concrétese en determinar se de acordo coa normativa xurídica de xeral aplicación, procede ou non, acceder á solicitude de _____ S.C.L. de suspender temporalmente a actividade laboral dos socios traballadores da Cooperativa, e consecuentemente declararles en situación legal de desemprego, co dereito ó percibo das prestacións correspondentes.

CONSIDERANDO: Que, respecto á natureza xurídica da relación que os socios traballadores das Cooperativas manteñen coa mesma, se ben os socios traballadores reciben mensualmente anticipos laborais e que das cuestións contenciosas entre a cooperativa e socio traballador coñece o Orde Social, é evidente que non lles son de aplicación as normas laborais, pois debe entenderse que tal relación é de natureza societaria, actuando como derecho supletorio o Código Civil e non o Estatuto dos Traballadores é de aplicación ós traballadores que voluntariamente presten os seus servicios retribuidos por conta allea e dentro do ámbito da organización e dirección doutra persoa, física ou xurídica, denominada ou empleador ou empresario, non podendo calificarse a relación xurídica entre Sociedade Cooperativa e os seus membros de laboral, por non concurrir os requisitos, concretamente o de axeneidad que caracterizan esa relación segundo o art. 1 do E.T. (S.T.C.T. 22.02.89, S.T.S. Murcia 31.07.90, S.T.S.J. Extremadura 23.06.92, S.T.S.J. Valencia 13.10.92); e ainda que das cuestións contenciosas entre socio traballador e cooperativa coñece-lo orde xurisdiccional laboral, nembargantes hai nutrida doctrina que indica que a devandita competencia non ven determinada polo carácter da relación xurídica se non por ministerio da Lei (S.S.T.S. 9.12.83, 5.2.86, 13.3.85), afirmación reforzada ó regulamentarse no art. 126 da Lei 3/1987, Xeral de Cooperativas un procedemento especial para a tramitación das devanditas cuestións, sendo ademais doctrina reiterada a innecesidade do acto conciliatorio do S.M.A.C.; e apoiendo todo o anterior o feito de que por Lei non lles son aplicables ós socios traballadores de cooperativas as normas sobre cotizacións e prestacións do Fondo de Garantía Salarial (d.ad.4º.2. Lei 3/1987).

CONSIDERANDO: Que se ben é certo que na Lei 3/1987, art.122.f) reconécense as causas económicas, tecnolóxicas ou de forza maior a virtualidade de suspender, sempre que medie decisión da Asemblea Xeral, a obriga de traballar e o dereito ó traballo, non é menos certo, que o mesmo que as demais causas enunciadas no citado artigo, diso non se debe seguir o dereito ás prestacións de desemprego, posto que este é un derecho que non se pode supoñer, e por outra banda o citado artigo fala da suspensión da actividade laboral, non da suspensión do contrato de traballo como falan os arts. 47 e 51 do E.T. e o R.D. 696/1980, do 14 de abril, e precisamente por iso o R.D. 1043/1985 de 19 de xuño polo que se amplía a protección por desemprego ós socios traballadores de Cooperativas de traballo asociado, non fala da extinción do contrato de traballo porque obviamente non existe, senón da declaración da situación legal de des-

emprego no suposto de cese definitivo na actividade con perda dos dereitos económicos derivados directamente de dita prestación establecendo un procedemento específico distinto ó de regulación de emprego, e plasmando a vontade do lexislador nesta materia, non autorizando o contido do mesmo a extender dita protección a supostos de suspensión temporal na prestación de traballo á Cooperativa (S.T.S.J. Valencia 13.10.92).

CONSIDERANDO: Que, a disposición adicional cuarta da Lei 3/1987 ó reconecer ós socios traballadores de Cooperativas o dereito á opción entre asimilados a traballadores por conta allea, e consecuentemente integrados no Réxime Xeral ou calquera dos Réximes especiais, ou como traballadores autónomos ó Rexime especial correspondente está esplicitamente recoñecendo o carácter non laboral da relación que vincula ós socios coa Cooperativa porque non é de recibo que a relación sexa ou non laboral en función da opción exercitada; ou o que é o mesmo, laboral se optan polo Réxime Xeral, e non laboral se optan polo Réxime de Autónomos. Neste senso a circunstancia de poder ser ou estar afiliada en alta no réxime xeral non é de por si suficiente para extender a total acción protectora do devandito réxime ós socios traballadores de cooperativas, non existindo unha identidade absoluta en tódalas materias entre o socio traballador dunha cooperativa e o traballador por conta allea, dándose especialidades entre as que se atopan os requisitos para acceder ó disfrute das prestacións por desemprego, e neste senso pronunciose a doctrina do extinto Tribunal de Traballo (S.T.C.T. 24 de xullo 1984, S.T.C.T. 16.02.89, S.T.C.T. 22.02.89, S.T.S. Murcia 31.07.90, S.T.S.J. Extremadura 23.06.92, S.T.S.J. Valencia 13.10.92).

CONSIDERANDO: Que se ben o R.D. 225/1989 do 3 de marzo sobre condicións de incorporación ó sistema da Seguridade Social dos socios traballadores de Cooperativas de Traballo Asociado no seu art. 3.3º dispón que: "En calquera caso, a iniciación da prestación de traballo persoal do socio traballador da Cooperativa será a que determine as obrigas de afiliación e/ou alta e correlativa de cotización daquel, conforme ás normas de réxime da Seguridade Social polo que optará a Cooperativa", en modo algúin pode entenderse que contradiga o disposto no R.D. 1043/1985 do 19 de xuño, por canto aquél se limita a regular-lo alcance, termos e condicións da opción prevista na disposición cuarta da Lei 3/1987 do 2 de abril, Xeral de Cooperativas (S.T.S.J. Valencia 13 de outubro 1993); e por outra banda a Lei 26/1985 de xullo de medidas urxentes para a racionalización da estructura e da acción protectora da Seguridade Social en nada se refire á protección por desemprego se non exclusivamente ó sistema de pensións e ás prestacións económicas de protección á familia, sen ter relevancia algúnhha respecto ó tantas veces citado R.D. 1043/1985 do 26 de xuño.

CONSIDERANDO: Que o citado R.D. 1043/1985, de 19 de xuño non foi derogado nin explicitamente por disposición legal algunha, sendo de aplicación habitual nos supostos que regula, e se ben ampliou o área protector por desemprego ós supostos de extinción do vínculo xurídico ó socio traballador na liña

expansiva do sistema, o contido do referido R.D. non autoriza a extender, ainda, a protección a supostos de suspensión temporal na prestación de traballo á mesma, (S.T.S.J. Valencia 13 de outubro 1992), sendo unha cousa a validez e a eficacia das cotizacíóns e outra, o acto ou acontecemento xurídico que coloca ó interesado na situación de desempregado, e se se trata dun traballador que perda a súa ocupación cando é cooperativista a particularidade da relación que lle liga coa sociedade esixe o cese definitivo no caso de concurrencia de causas económicas, tecnolóxicas ou de forza maior (S.T.S.J. Murcia 31 de xullo 1990, S.T.C.T. 4 de xaneiro 1989, 22 de febreiro 1989).

CONSIDERANDO: Que as sentencias do T.S., Sala 3 de 14 de novembro de 1987 e 15 de abril de 1988, se refiren, a primeira, á consideración dos chamados anticipos laborais como suxeitos ó pago do imposto sobre os rendimentos do traballo persoal a diferencia dos retornos cooperativos, e a segunda, a un suposto de feito anterior ó R.D. 1043/1985 do 19 de abril, facendo referencia á variación por parte da Administración laboral dos criterios anteriormente seguidos frente a pretensíóns idénticas ás formuladas, indicando ademais no seu Terceiro considerando que a específica natureza da relación que liga ó socio coa empresa corresponde á dun socio mellor que á dun traballador por conta allea; e por outra banda, como di o Profesor Garrido Falla a xurisdicción contencioso-administrativa é revisora, rexeita por definición a acción declarativa, se ben é este un dos temas sometidos a discusión: o recurso non é admisible para evitar danos futuros, se non para correxir ilegalidades xa cometidas por actos administrativos concretos.

VISTOS os preceptos legais citados e os demais de xeral e pertinente aplicación, esta Delegación Provincial, de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, e no uso das facultades que lle son conferidos,

ACORDA: DESESTIMA-LA solicitude formulada por Dona _____ en representación da empresa _____, S.C.L., e en consecuencia denega-la mesma.

Notifícase a presente Resolución ás partes que teñan interese nela, facéndoselle saber do seu dereito a interpor RECURSO ORDINARIO perante o Exmo. Sr. Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, por escrito en triplicado e por conducto desta Delegación Provincial, no prazo dun MES, a partires da súa notificación,

Así o dispoño e asino en Vigo a vintetres de febreiro de mil novecentos noventa e catro.

SUMMARY

The documents pertaining to the application of Descor Vigo, S. Coop. to be eligible for benefits on account of the temporary suspension of employment under the collective Textil-Confection Agreement are transcribed, and also the decision of the Ministry of Labour and the delegation in Vigo.

